

AULAS ABERTAS

Actividades de práctica musical en grupo, abertas a todos os interesados, coa duración dun curso escolar e destinadas exclusivamente á interpretación da música en colectividade sen intención escénica. Cada unha delas presenta diferentes requisitos e admiten aos participantes que o soliciten en función do espazo dispoñible, independentemente de que estean matriculados ou non nalgún ciclo formativo da ETRAD.

Temporalización: 2 horas/semana de Outubro a Xuño.

Nome	Descrición	Admisión máxima	Requisitos	Horario	Aula
Aula Aberta de Zanfona	Grupo de zanfonas	14 zanfonas	Aportar instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos	Martes 19:00 a 21:00 hrs.	Aula 4 Auditorio
Aula Aberta de Requinta e Corda Pulsada	Grupo de Requintas, frautas de madeira e Instrumentos de corda pulsada	5 frautas, 5 corda pulsada	Aportar instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos	Mércores 18:00 a 20:00 hrs.	Aula 6A
Aula Aberta de Arpa	Grupo de Arpas	10 arpas	Ter instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos	Mércores 19:00 a 21:00 hrs.	Aula 1
Banda de Gaitas	Grupo de gaitas e percusións	30 gaitas, 10 tambores, 2 bombos, 10 pandeiretas	Ter instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos	Venres 18:00 a 20:00 hrs.	Aula 4 Auditorio
Coro	Agrupación de voces	30 voces mixtas	Habilidade elemental para o canto coral. Ser maior de 9 anos	Venres 19:00 a 21:00 hrs.	Aula 5
Pandereteiras	Agrupación de canto tradicional e percusión	15 voces	Coñecemento demostrable da técnica de canto tradicional con percusión Ser maior de 9 anos	Xoves 16:00 a 18:00 hrs.	Aula 7
Acordeón diatónico	Grupo de acordeóns	6 acordeóns	Aportar instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos	Martes 20:00 a 22:00 hrs.	Aula 6B

